



## Materiais didácticos para a actividade

## Equipo de traballo

*Juan Ávila Ribadas*

*Román Cerqueiro Landín*

*Paco Díaz Rey*

### Doc. nº 0: INTRODUCCIÓN

#### Por onde empezamos?

Estimado compañeiro

Estimada compañeira



Se estas a ler este documento, entón é que ao fin comezas esta actividade chamada “obradoiro básico de lectoescritura dixital”. Posiblemente sentes a necesidade de explorar os novos formatos nos que se desenvolven a meirande parte dos procesos de lectura e de escritura na actualidade.

Efectivamente, vivimos inmersos nun mundo dixital, en todos os ámbitos utilizamos dispositivos electrónicos que facilitan, dinamizan e permiten moitas das actividades que –de non ser a través destas ferramentas– non serían posibles. Desde os máis sinxelos artefactos caseiros até os medios de transporte ou as ferramentas que tramitan as transaccións económicas; todo é electrónico, dixital. Pero en ningún eido é tan evidente este feito como o é no mundo da información e da comunicación, e, xa que logo, no eido da lectura e da escritura.

De certo que vivimos nun mundo no que o concepto de alfabetización ten ampliado o seu alcance, de xeito que poderíamos pensar que non se acaba unha alfabetización verdadeira se esta non inclúe –ademais da lectura e a escritura analóxica– unha competencia en manexo de información e dixital.

Pois diso se trata, de adentrarse neste eido do dixital, de ler e de escribir empregando estes novos formatos; de experimentar, porque a nosa tarefa –como docentes– consiste fundamentalmente en aprender sempre, en estar atentos a estes cambios e innovacións que son de vital importancia para o noso alumnado.

O deseño desta actividade pretende proporcionarvos pretextos para experimentar, para explorar este eido dixital e saborear algunhas das súas suxestivas posibilidades. Apelaremos á vosa creatividade e a un sentido lúdico que entendemos facilitará as tarefas (do mesmo modo que facilita calquera interacción humana).

## Aprender facendo

Neste curso virtual, non entendemos o dixital, as novas tecnoloxías, as TIC, como un contido, isto é: non pretendemos “aprender TIC”; tampouco consideraremos as TIC como recursos para escribir, ou mesmo para ler; a nosa proposta será a de inserir a tecnoloxía nos procesos de aprendizaxe e de ensino, nas actividades de lectura comprensiva e de expresión escrita, facer que forme parte do conxunto e tirarlles o máximo partido. En definitiva, investigar se poden achegar algo interesante ás nosas prácticas analóxicas.

As Tecnoloxías da información e comunicación (TIC) están presentes dun xeito tal que non se poden obviar nin tratar como un obxecto de estudo descontextualizado da realidade social. O noso alumnado convive con esta tecnoloxía de maneira natural, e estes medios implican máis que nada procesos de lectura e de escrita.

Os rapaces e rapazas len e escriben decote en formatos dixitais, multimedia e interactivos. Acceden a cantidades inxentes de información e seleccionan, transforman, comparten, utilizan, reelaboran, opinan... interactúan en redes complexas mediante teclados, pantallas dixitais, dispositivos móbiles e outros aparellos cada vez máis sofisticados.

Nós, os profesores e profesoras, temos a obriga de coñecer este novo medio no que transcorren as interaccións comunicativas para poder axudar ao noso alumnado a mellorar a súa competencia comunicativa. Estas tecnoloxías ofrécennos –como veremos ao longo desta actividade formativa– un enorme abano de novas posibilidades para enriquecer as nosas aulas e favorecer as aprendizaxes lingüísticas e literarias do alumnado.

E, para comezar, seguindo ao ilustre pedagogo americano John Dewey, procuraremos practicar. Porque non hai outra forma mellor de aprender. Polo tanto, tentaremos que ao longo deste obradoiro practiques con algunhas das ferramentas máis básicas que entendemos interesantes para ler e escribir en dixital. Destas prácticas e das reflexións que poidamos tirar delas queremos que xurdan as aprendizaxes e as propostas para as aulas.

Para ilustrar esta proposta inicial, propoñémosche que escoites a conversa que se desenvolve no seguinte retallo do programa Redes. Trátase dunha entrevista con Roger Schank:



<http://www.youtube.com/watch?v=B5DEuk49LCM&feature=related>

## De que falamos cando falamos de lectoescritura dixital?

Non hai moito tempo, o sistema educativo ficaba centrado na transmisión de información. Unha persoa instruída debería ser unha persoa plena de información; un bo alumno ou unha boa alumna serían quen de saber a resposta correcta a múltiples preguntas sobre diversos ámbitos científicos ou humanísticos. Desde o nome de cada un dos ríos da península ibérica, ou do planeta enteiro, até a disposición diacrónica de reis, batallas, fronteiras ou correntes artísticas, literarias, etc.

Hoxe, estas capacidades van camiño de resultar pouco funcionais, cando non completamente inútiles. O acceso a toda esta información e a cantidades inmensas de información engadida resulta doado e case instantáneo. Cada vez resultan menos interesantes as respostas correctas, mesmo as respostas. Calquera pode ser quen de dar unha resposta. O realmente difícil, o interesante hoxe en día, son as preguntas. O que debemos aprender é a facernos preguntas interesantes. Ese é o reto.

Para ilustrar estas afirmacións, podes gozar da seguinte presentación. Trátase dun excelente exemplo deste xénero textual, tanto polo seu formato como polo seu impresionante contido. Obsérvaa:



<http://www.slideshare.net/jbrenman/shift-happens-33834>

O eido dixital, que denominamos comunmente o eido das novas tecnoloxías, ou TIC. As siglas TIC inclúen un I e un C que atinxen a dous conceptos de extrema relevancia no eido da comunicación:

- **I de Información**

Mediante a tecnoloxía, a información está nas nosas mans. Toda canta queiramos. E máis, moita máis da que, ás veces, quixesemos. O que resulta difícil é seleccionar, discriminar, facer unha lectura crítica, escoller. Manexar esta información inconmensurable, saber onde se atopa, os filtros precisos, a fiabilidade das fontes, o mecanismos de elaboración, as precaucións, as normas de uso, etc. Velaí o reto.

- **C de Comunicación**

As novas tecnoloxías proporcionan ao ser humano unhas posibilidades de comunicación impensables hai poucos anos. A presenza destas tecnoloxías nas aulas amplía de xeito exponencial a posibilidade de interacción e de comunicación dentro e fóra das mesmas. Incorpora dun xeito inapelable a necesidade de participar do alumnado.

### Como intruducimos as TIC nas prácticas lectoras e escritoras?

A nosa proposta será a de explorar novos xéneros textuais mediante pequenos proxectos de lectura e expresión escrita. Deste xeito consideramos que podemos cumprir coas premisas que iniciaban este documento e que propuñan a experimentación, a proba, para aprender. Porque é indispensable que probes para poder –a continuación– axudar aos teus alumnos e alumnas a adentrarse neste mundo dixital. Porque aínda que semelle que xa o coñecen, que o dominan, a realidade é que nos necesitan tanto ou máis que nunca, tal é a complexidade e riqueza deste desbordante universo de información e interacción que conforma o dixital e a rede Internet.

Proporémosche experiencias de lectura e escrita que incorporen as características que nos achegan as tecnoloxías, isto é:

- **dixitais**
- **multimedia**
- **interactivas**

E que procuran, por riba de todo, un novo espazo de participación para o alumnado. A incorporación das TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe condiciona ineludiblemente os procesos comunicativos nas aulas. O valor engadido vén da man do alumnado, da súa participación activa, do seu compromiso nunha comunidade de aprendizaxe dun xeito crítico e creativo. Estes son os alicerces dunha Competencia Comunicativa hoxe en día.

Estas son, a grandes trazos, as liñas mestras deste curso de formación. Iremos desenvolvéndoas polo miúdo ao longo do proceso.

Benvido/a pois a esta aventura.



Recoñecemento - NonComercial - Compartir igual (by-nc-sa):

Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin das posibles obras derivadas, a distribución das cales debe facerse cunha licenza igual á que regula a obra orixinal.